

## Ideas sobre o ser humano contemporáneas

O destacado autor do XVIII Immanuel Kant, outras posicións eran dualistas, existían dous tipos de "mundos" distintos: un primeiro, obxectivo, conformado por todas as cousas que nos rodean (os obxectos de uso cotidiano) así como o noso propio corpo, conformado por unha serie de mecanismos (os músculos, os nervios, os osos...)

A realidade física é obxectiva posto que todo o que nos rodea así como o noso propio corpo están determinados polas leis Físicas e químicas. Así, a única realidade libre sería a alma, posto que non está exposta ás leis da natureza e, polo tanto, esta sería a segunda realidade, subxectiva á que Kant se refería.

A corrente dualista defendida por Kant sería posta en cuestión os anos seguintes grazas á evolución da ciencia. A psicoloxía, por exemplo, é unha ciencia que estuda como funciona a nosa mente atendendo a distintas circunstancias anexas ao corpo humano. Con todo, a serie de reaccións producidas polo noso corpo ante un estímulo acabouse por descubrir que son debidas ao funcionamento da área prefrontal do noso córtex cerebral, considerada como a sede do noso cerebro executivo. Ademais, tamén hai que ter en conta o problema do evolucionismo, que defende que todos os seres vivos evolucionamos debido a unha serie de circunstancias como son o cambio de clima. Así, os antigos simios volvérionse bípedos debido á necesidade de desprazarse a áreas máis calidas. Os sucesos da natureza mencionados débense ás leis Físicas e químicas.

A pesar destas dúas ramas científicas, ben é certo que ningún pode controlar, ata este momento, o que ocorre no noso interior, o que pensamos.

Así, a corrente dualista defende a posible liberdade existente no noso corpo xa que esta non está determinada polas leis da natureza.

A liberdade é a capacidade de elixir e actuar socialmente, o dereito de expresarnos con liberdade. En segundo lugar esta é considerada unha facultade indispensable para existir, coñecida como libre albedrío. Así, esta corrente que temos control sobre todo o que nos sucede ánda existindo condicionantes biolóxicos, sociais e culturais. Por outro lado, tamén existiría a corrente determinista que, en contraposición ao libre albedrío, afirma que sempre vai a

existem determinados factores que non podemos controlar.

Todo o anterior mencionado, pertence á corrente dualista, tanto a parte materialista, é dizer, a nasa natureza, como a nasa liberdade (en contraposición.)

A corrente monista, sen embargo, incluiría, soamente, a parte materialista unificando natureza e corpo nunha mesma realidade.